

COMUNICADO DE PRENSA **O CARBALLIÑO 28/3/17**

O CONCELLO ESTÁ FACENDO UNHA DESFEITA COAS ARBORES DA ENTRADA PRINCIPAL AO PARQUE MUNICIPAL.

ELIMINÁRONSE ARBORES EN PLENA FORMACIÓN SACANDO INCLUSO AS SÚAS RAICES.

TUDO SE FAI SEN UN SOPORTE TÉCNICO QUE AVALE DITA ACTUCIACIÓN.

POR FACER, ATA SE ESTA FACENDO, O QUE SEMPRE SE DIXO QUE NON SE DEBERIA FACER, QUE É RECOLLER A FOLLA FORA DAS RÚAS E ACCESOS.

TAMÉN SE ESTÁN A ACOMETER OBRAS QUE CONSIDERAMOS DEBERIAN CONSENSUARSE NO CONCURSO DE IDEAS PENDENTE DE CONVOCAR.

Todos puidemos ver nestes días atrás, como membros da brigada municipal con apoio externo as veces, cortaron polo pé arbustos de máis de 15 anos, que estaban en perfecto estado e dos que xa se encargaron de que desaparece a máis mínimo físgoa para que ninguén os bote en falta.

A plantación duns 20 árbores feita no seu día con orden, que estaban xunto a estatua Irmáns Prieto da explanada da entrada ao Parque Municipal, foron talados pola metade no seu tronco, e outros 6 desapareceron.

Arbores todas que estaban en perfecto estado que desaparecen do noso Parque municipal, e que xa non están para o disfrute dos veciños.

Non existe un criterio crible na Concellería de Medio Ambiente e moito menos un proxecto técnico no Concello que avale tal barbaridade, o que leva incluso a que esteen barrendo a folla logo de saberse que non é convinte facelo fora de rúas e accesos.

E mentres se dedican a liquidar árbores vivas, están sen talar e sen recoller as árbores secas e caídas polo temporal no medio do Parque Municipal e na Avda. do Arenteiro.

Tamén se está a colocar por parte do ferreiro da brigada, a ampliación en altura do peche do perímetro da explanada da entrada ao Parque Municipal que debería de esperar a ser consensuada no proxecto integral do Parque Municipal, pois se algúns teñen o criterio de seguir pechando o Parque municipal, outros podemos ter o criterio de que se deben de evitar barreiras en vez de poñelas, por iso, o consenso faise imprescindible.

Antes de facer mais valoracións esperamos as oportunas explicacións dende o Goberno municipal, pero xa anunciamos que non todo vale como escusa ante o que consideramos un atropelo contra o noso Patrimonio natural.

